



DATOS IDENTIFICATIVOS

Patrimonio, Museoloxía e Arqueoloxía: O Pasado como Discurso Histórico

Materia	Patrimonio, Museoloxía e Arqueoloxía: O Pasado como Discurso Histórico			
Código	O02M054V01111			
Titulación	Mestrado Universitario en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Profesorado	Comendador Rey, Beatriz Pilar Serrat Antolí, Nuria			
Correo-e	beacomendador@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/beacomendador/			
Descrición xeral	O curso pretende unha achega aos museos como institucións para a conservación, estudo e difusión de bens culturais. Nunha orientación máis práctica, achega os instrumentos para analizar, planificar e desenvolver propostas museolóxicas e museográficas. O curso é útil na liña do temario de oposicións para o ingreso no Corpo facultativo de conservadores de museos.			

Competencias de titulación

Código	
A8	Capacidade para a toma de decisións sobre a función que se lle asigna ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.
A9	Habilidade na aplicación de criterios e no coñecemento e utilización de técnicas e de instrumentos para a análise, valoración e xestión do patrimonio.
A11	Capacidade para elaborar estratexias encamiñadas á recuperación do patrimonio.
A12	Capacidade para a difusión e divulgación do coñecemento científico e creación de mensaxes con fins de sensibilización social sobre o patrimonio.
B4	Coñecer e utilizar os recursos documentais máis recentes en relación coa temática do mestrado.
B5	Traballar interdisciplinarmente
B9	Comprometerse a desenvolver e manter unha actitude ética tanto no seu traballo coma nas súas relacións sociais.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer e saber empregar os recursos máis importantes en relación coa difusión e interpretación do patrimonio arqueolóxico e histórico.	A9 A11 A12	B4
Ser capaz de articular un discurso histórico para a recuperación e posta en valor de patrimonio histórico.	A8 A11 A12	
Tomar conciencia da complexidade do desenvolvemento de estratexias de posta en valor do patrimonio cultural e do seu necesario carácter interdisciplinar.		B5 B9

Contidos

Tema	
1. Museografía didáctica, museos e centros do patrimonio histórico.	1.1. O Concepto de museo. 1.2. Clases e categorías de museos.
2. A construción do discurso: o deseño de exposicións.	2.1. A exposición como medio de comunicación. 2.2. Criterios para programación previa ao proxecto museográfico. 2.3. Novas tecnoloxías na didáctica da Historia.
3. Interpretación e difusión do patrimonio arqueolóxico: recursos e técnicas.	3. Interpretación e difusión do patrimonio arqueolóxico: recursos e técnicas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo/prácticas de campo	6	3	9
Seminarios	6	0	6
Titoría en grupo	3	5	8
Actividades introductorias	2	3	5
Traballos tutelados	0	12	12
Sesión maxistral	6	12	18
Traballos e proxectos	1	8	9
Relatorios/memorias de prácticas externas ou prácticum	1	2	3
Outras	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividade desenvolvida nun contexto externo, que ten que ver coa observación directa e sistemática.
Seminarios	Traballo en grupos informais na aula coa finalidade do estudo intensivo dun tema.
Titoría en grupo	Seguimento da realización dos traballos. Asesoramento e aclaración de dúbidas.
Actividades introductorias	Actividades previas para coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións do alumnado.
Traballos tutelados	Desenvolvemento dun traballo baixo a tutela do profesor baseado na aprendizaxe dos estudantes e no seguimento tutorizado desa aprendizaxe.
Sesión maxistral	Sesións teóricas con apoio de material didáctico elaborado para estas sesións (dispoñible en TEM@).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo/prácticas de campo	Seguimento individualizado dos materiais xerados na saída de estudo e nos seminarios coas anotacións do profesor. Seguimento individualizado do traballo tutelado do alumno a través das titorías e das ferramentas da plataforma TEM@ (especialmente o foro).
Seminarios	Seguimento individualizado dos materiais xerados na saída de estudo e nos seminarios coas anotacións do profesor. Seguimento individualizado do traballo tutelado do alumno a través das titorías e das ferramentas da plataforma TEM@ (especialmente o foro).
Titoría en grupo	Seguimento individualizado dos materiais xerados na saída de estudo e nos seminarios coas anotacións do profesor. Seguimento individualizado do traballo tutelado do alumno a través das titorías e das ferramentas da plataforma TEM@ (especialmente o foro).
Actividades introductorias	Seguimento individualizado dos materiais xerados na saída de estudo e nos seminarios coas anotacións do profesor. Seguimento individualizado do traballo tutelado do alumno a través das titorías e das ferramentas da plataforma TEM@ (especialmente o foro).
Traballos tutelados	Seguimento individualizado dos materiais xerados na saída de estudo e nos seminarios coas anotacións do profesor. Seguimento individualizado do traballo tutelado do alumno a través das titorías e das ferramentas da plataforma TEM@ (especialmente o foro).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Saídas de estudo/prácticas de campo	A participación activa na saída de estudo será avaliada mediante a presentación dun informe ou memoria da actividade.	30%
Titoría en grupo	Valorarase a asistencia ás titorías.	10%
Traballos tutelados	Os conceptos adquiridos nas sesións maxistrais e nos seminarios, serán avaliados de forma integrada mediante a súa aplicación ao desenvolvemento dun traballo individual tutelado que deberá ser presentado.	40%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

BASICA

Alonso, L. *Museología y museografía*. Barcelona. Ediciones del Serbal. 1999. [BEL A14 ALO,L](#)

Belcher, M. *Organización y diseño de exposiciones. Su relación con el museo*. Gijón. Trea. 1991. [Depósito: OUR 47339](#)

Rico, J.C. *Manual práctico de museología, museografía y técnicas expositivas*. Madrid. Silex. 2006. [OUR 02 /346](#)

COMPLEMENTARIA

Carretero, A. et al. *Normalización documental de museos: elementos para una aplicación informática de la gestión museográfica*. Madrid. Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales. 1996. [OUR 902 /359](#) CD-ROM

Zubiaur, F.J. *Curso de museología*. Gijón. Trea. 2004

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Categorías de Protección e Recursos dos Bens Patrimoniais. Monumentos e Conxuntos Históricos/O02M054V01109

Recursos Naturais e Paisaxe na Ordenación do Territorio/O02M054V01110

Antropoloxía da Cultura Material/O02M054V01113

Outros comentarios

O TEMA 3 (Interpretación e difusión do patrimonio arqueolóxico. Recursos e técnicas) será impartido pola profesora Nuria Serrat Antolí, pedagoga e doutora en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona (UB). Dende 1999 é profesora lectora do Departamento de Didáctica e Organización Educativa da Facultade de Pedagogía da UB. Coordinou o mestrado de Museografía didáctica (2001-2005) e dirixiu o mestrado en Museografía interactiva (2005-2007), ambos os dous do Grupo IL3 da UB. Dende 2006-2007 colaborou na creación do mestrado oficial en Xestión do patrimonio cultural da UB, no que imparte docencia das materias: «Museografía Didáctica», Deseño museográfico e técnicas expositivas e «Análise e control dunha produción». Participa tamén no mestrado Cultura histórica e comunicación da UB e no mestrado en Xestión cultural da Universitat Internacional de Catalunya. Desenvolveu distintos proxectos de interpretación e dinamización turística e cultural, así como proxectos educativos para distintas institucións públicas e privadas.

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cuberto os seus datos de perfil.
